



POLISEMIA, HOMONIMIA E ACENTO DIACRÍTICO



"Grafías" (Suzy Hazelwood, Pexels CC0)



ÍNDICE

POLISEMIA, HOMONIMIA E ACENTO DIACRÍTICO

1. RELACIÓNS SEMÁNTICAS.....	1
1.1 Polisemia.....	1
1.2 Homonimia.....	2
<i>Exercicios</i>	3
2. ACENTUACIÓN.....	5
2.1 O acento diacrítico.....	5
<i>Exercicios</i>	7
SOLUCIÓNS.....	9

1. RELACIÓNS SEMÁNTICAS

As relacións semánticas son as relacións de significado que se poden dar entre as diferentes palabras dun idioma. Lembramos pois que traballamos xa as relacións de sinonimia e antonimia, que se baseaban na semellanza e oposición de significados entre palabras respectivamente.

1.1 Polisemia

Existe **polisemia** cando unha palabra presenta **máis dun significado**. As palabras poden ir adquirindo novos significados ao longo do tempo por diversas causas como novos contextos ou influencias doutras linguas. A ferramenta máis útil que posuímos hoxe en día para sabermos se estamos ante unha palabra polisémica é o dicionario, xa que os diferentes significados se reflicten nas **acepcións**.

As acepcións son cada unha das entradas cos diferentes significados dunha palabra no dicionario.

Por exemplo, se procuramos na versión en liña do Dicionario da Real Academia Galega a palabra *mestre* encontrámonos co seguinte:

mestre, mestra

substantivo

1 Persoa con título oficial para exercer o ensino primario.

É mestra de escola.

► CONFRÓNTESE **pedagogo, profesor**

2 Persoa que ensina calquera tipo de materia, tendo ou non título oficial para facelo.

Teño unha nova mestra de piano, que me dá clases particulares.

► CONFRÓNTESE **profesor**

3 Persoa ou cousa que ensina algo, en particular aquela da que se reciben moitas e boas ensinanzas.

Aristóteles é mestre de moitos pensadores. A experiencia é sempre unha boa mestra.

4 Persoa que alcanzou un grao moi alto de perfección na actividade que realiza.

Un mestre albanel. Os grandes mestres da pintura.

5 Persoa que compón música clásica, dirixe unha orquestra ou toca nela de forma profesional.

O mestre Soutullo compuxo o pasodobre "Pontearas".

"Definición mestre" RAG

Podemos observar como esta palabra contén cinco acepcións. Isto quere dicir que é unha palabra polisémica con cinco significados relacionados entre si. A palabra en orixe foi a mesma e adquiriu máis significados co paso do tempo.

Outros exemplos de palabras polisémicas son: *pé, banco, porteiro...*

pé



1. Parte final dos membros inferiores que sostén o corpo e se apoia no chan ao andar.
2. Parte final das patas dos animais que se corresponde anatomicamente cos pés e as mans das persoas.
3. Parte dun calcetín, media etc., que cobre o pé.

banco

1. Asento de madeira, pedra ou outro material, con ou sen respaldo, que se sostén sobre patas ou soportes.
2. Mesa dotada con diversos mecanismos sobre a que se realizan os traballos dun oficio.
3. Lugar que ocupan os acusados nun xuízo.

porteiro

1. Persoa que coida a entrada dun edificio e realiza outros labores para a comunidade dos veciños.
2. Xogador que defende a portaría.

1.2 Homonimia

Cando dúas palabras **coinciden na forma pero teñen distinto significado** falamos de **homonimia**. Na súa orixe son palabras diferentes que coa evolución lingüística acaban converxendo na mesma forma.

Por exemplo, no latín existían as palabras FILARE e FIDARE que evolucionarán ambas no galego actual dando a forma *fiar*. Actualmente coinciden na forma pero os significados e as orixes son distintas.

FILARE > fiar 'reducir [as fibras téxtiles] a fío'.

FIDARE > fiar 'vender a crédito, sen cobrar no momento'.

No caso do dicionario, as palabras homónimas adoitan aparecer en entradas diferentes. Aquí vemos o exemplo de fiar no Dicionario da Real Academia Galega:



fiar

Conxugar



verbo transitivo

1 Reducir [as fibras téxtiles] a fío.

Fiar o liño.

Tamén absoluto *Para fiar utilízase a roca e o fuso.*

2 por extensión Elaborar o verme de seda, a araña ou outros insectos [o casulo ou a tea].

A araña fiaba a súa tea sobre un toxo.

3 Relacionar ou enlazar [unha cousa non material] con outra.

Non era quen de fiar as pistas para dar coa solución.

"Definición fiar 1" RAG

fiar

Conxugar



verbo transitivo

1 Asumir, como fiador, as responsabilidades de [alguén].

Precisaba alguén que o fiara para obter o crédito.

► SINÓNIMOS **afianzar**, **afiuzar**, **avalara**

2 Vender a crédito, sen cobrar no momento.

Leva o que precisas que cho fío.

3 Dar a coñecer [algún segredo ou asunto íntimo].

Fioulle os seus pensamentos máis persoais.

► SINÓNIMOS **confiar**, **revelar**

"Definición fiar 2" RAG

Cómpre distinguirmos dous tipos de homonimia:

- **Homofonía:** a forma das palabras **coincide na fala pero non na escrita**. Son palabras que se pronuncian igual pero teñen algunha diferenza gráfica.

Por exemplo: *baca* 'armazón que se instala na parte superior dos vehículos para transportar equipaxes' e *vaca* 'mamífero da suborde dos ruminantes'.

- **Homografía:** a forma das palabras **escíbese e pronúnciase igual**.

Por exemplo: *coco* 'especie de verme' e *coco* 'árbore e froito desa árbore'.



EXERCICIOS

Exercicio 1

Procura no dicionario da RAG o significado das seguintes palabras polisémicas e anota algún dos seus significados.

- Porteiro
- Banco
- Pé

Exercicio 2

Indica se estes pares de homónimos son homógrafos ou homófonos.

- baca-vaca
- coco-coco



- c) vela-vela
- d) acerbo-acervo
- e) fiar-fiar

Exercicio 3

Coa axuda do dicionario en liña da RAG identifica nestas palabras se hai homonimia ou polisemia.

- a) trono
- b) operación
- c) cobra
- d) presa

2. ACENTUACIÓN

2.1 O acento diacrítico

O acento gráfico emprégase con función diacrítica para **diferenciar dúas palabras coa mesma forma** na escrita pero significados diferentes (**homógrafos**). Levan acento gráfico as que conteñen **vogais abertas** ou tónicas. Segundo as regras de acentuación xerais, non levarían acento, mais a clave está en distinguir significados.

Lembra que no galego temos 7 vogais, mais só representamos na escrita 5: a, e, i, o, u. Na serie media (e, o) diferénciase a abertura coa pronuncia e nalgúns casos, como nos pares diacríticos, o e e o abertos son os que levan o acento.

Así, tal e como se recollen nas *Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego* estes son os pares diacríticos do galego:

á (a preposición + a artigo; substantivo) ás (a preposición + as artigo; substantivo) <i>Fun á praia de Samil.</i>	a (artigo; pronome; preposición; letra) as (artigo; pronome) <i>As rapazas viñeron comigo.</i>
bóla (esfera) <i>Lanzou a bóla contra a parede.</i>	bola (peza de pan) <i>Comprou unha bola de pan.</i>
cá (contracción ca + a) <i>A miña maleta é máis grande cá túa.</i>	ca (conxunción) <i>É máis alto ca ti.</i>
chá (plana) chás (planas) <i>A terra deste monte é chá.</i>	cha (che + a) chas (che + as) <i>Non me deas a volta que non cha quero.</i>
có (contracción de ca + o) <i>O meu can é máis grande có teu.</i>	co (contracción de con + o) <i>Fun co meu irmán ao cine.</i>
cómpre (é necesario) cómpren (son necesarios) <i>Cómpre facer os exercicios.</i>	compre (merque) compren (merquen) <i>Compre o que queira, ten cartos abondo.</i>
dá (pres. de indicativo e imperativo de dar) dás (pres. de indicativo de dar) <i>Non dá feito con tanto traballo.</i>	da (contracción de + a) das (de + as) <i>A tenda da esquina é de meu tío.</i>



dó (compaixón) <i>Ten dó pola morte do pai.</i>	do (contracción de + o) <i>Ten pena do fillo.</i>
é (pres. de indicativo de ser) <i>É moi bo compañeiro.</i>	e (conxunción copulativa) <i>María e Xoán.</i>
fóra (adverbio) <i>Espérote fóra.</i>	fora (forma do verbo ser e ir) <i>Fora un bo estudante cando estivo aquí.</i>
má (ruín) más (ruíns) <i>Leva unha má vida.</i>	ma (me + a) mas (me + as) <i>Tiña mazás de sobra e non mas quixo dar.</i>
máis (adverbio cantidade) <i>Non estudes máis.</i>	mais (conxunción adversativa) <i>Estudei, mais non aprobei.</i>
nó (substantivo) <i>Fai o nó da gravata.</i>	no (contracción de en + o) <i>Está no ximnasio.</i>
nós (pronome tónico e pl. de nó) <i>Fálalle de nós.</i>	nos (pronome átono e en + os) <i>Non nos veñas buscar.</i>
ó (contracción de a + o) ós (contracción de a + os) <i>Fun ó parque de Belvís.</i>	o (artigo; pronome átono) os (artigo; pronome átono) <i>O meu coche é ese.</i>
óso (parte do corpo) <i>Rompín un óso da man.</i>	oso (animal) <i>Os osos viven nas montañas.</i>
pé (parte do corpo) <i>Levei un golpe no pé.</i>	pe (letra) <i>Cústame escribir a letra pe.</i>
póla (rama) <i>O paxaro pousouse na póla do carballo.</i>	pola (galiña; contracción de por + a) <i>Viuno pola rúa. Mercou polas na feira.</i>
pór (poñer) <i>Vou pór o coche a sombra.</i>	por (preposición) <i>A festa é por aí.</i>
présa (apuro)	presa (prendida, presada)

<i>Non paro que levo présa.</i>	<i>Botoulle unha presa de sal ao caldo.</i>
sé (sede eclesiástica; imperativo de ser) <i>A sé de Compostela é un lugar de peregrinación.</i>	se (conxunción condicional; pronome átono) <i>Se che parece ben, quedamos mañá. Non se parece a ti.</i>
só (adverbio e adxectivo) <i>Quedei só toda a fin de semana.</i>	so (preposición 'baixo') <i>Hai sobra so o carballo.</i>
té (infusión) <i>Tomarei un té con leite.</i>	te (pronome; letra) <i>Non te pases.</i>
vén (presente de vir) <i>Vén cando queiras.</i>	ven (presente de ver) <i>Non ven desde o fondo da aula.</i>
vés (presente de vir) <i>Vés á festa?</i>	ves (presente de ver) <i>Se non te achegas, non ves nada.</i>
vós (pronome tónico) <i>Imos con vós ao partido.</i>	vos (pronome átono) <i>Non vos preocupedes por iso.</i>

Tamén debemos ter en conta que as formas verbais con acento diacrítico como *é* ou *dá*, conservan este acento aínda que vaian seguidas dun pronome persoal. Por exemplo: *Éche* moi amable. *Dáme* o libro.

EXERCICIOS

Exercicio 4

Completa as oracións cunha das opcións.

a) óso-oso

- Un foi avistado nos ancares.
- O meu can está roendo un

b) pé-pe

- Caeume un libro no
- O meu nome comeza pola letra



c) póla-pola

- Fun noite ao concerto.
- O paxaro está na desa árbore.

d) nós-nos

- somos os responsables da excursión.
- Non preguntaron se estabamos de acordo.

Exercicio 5

Acentúa o seguinte texto.

Antía saíu fora da casa coa súa irmá pequena e levaron unha bola vermella para xogar. A nena ri moito cada vez que a súa irmá lle da un paseo longo. A pequena sempre quere mais e mais xogos. E moi bulebule!



SOLUCIÓNS

Exercicio 1

- a) Porteiro: 'persoa que coida a entrada dun edificio e realiza outros labores para a comunidade dos veciños' e 'xogador que defende a portaría'.
- b) Banco: 'asento de madeira, pedra ou outro material, con ou sen respaldo, que se sostén sobre patas ou soportes' e 'entidade financeira, estatal ou privada'.
- c) Pé: 'parte final dos membros inferiores que sostén o corpo' e 'parte inferior de algo'.

Exercicio 2

- a) baca-vaca; homófonos.
- b) coco-coco: homógrafos.
- c) vela-vela: homógrafos.
- d) acerbo-acervo: homófonos.
- e) fiar-fiar: homógrafos.

Exercicio 3

- a) trono: homonimia.
- b) operación: polisemia.
- c) cobra: homonimia.
- d) presa: polisemia.

Exercicio 4

Este son algúns exemplos, mais outros tamén poden ser correctos.

- a) óso-oso

O can roeu un *óso* que atopou no xardín.

O *oso* pardo vive nas montañas.

- b) pé-pe

Doíalle o *pé* despois de camiñar tanto.

A lista comeza pola letra *pe*.

- c) póla-pola

A *póla* da árbore caeu enriba do coche.



Colleu o camiño *pola* beira do río.

d) nós-nos

Nós fomos os primeiros en chegar.

Non *nos* deixan facer nada.

Exercicio 5

Antía saíu fóra da casa coa súa irmá pequena e levaron unha bóla vermella para xogar. A nena ri moito cada vez que a súa irmá lle dá un paseo longo. A pequena sempre quere máis e máis xogos. É moi bulebule!